




Aos pés do Larouco



Cualedro desenvólvese ao pé da serra do Larouco, un dos principais monumentos naturais da bisbarra. Larouco foi, na antigüidade, un deus indíxena, tal e como demostran varias dedicatorias gravadas en aras romanas. As parroquias da Xironda e San Millao limítan con Portugal, concretamente coa freguesía de Vilar de Perdizes, no municipio de Montalegre, o que lles outorga unha condición histórica privilexiada con base en intensas relacións persoais e comerciais.




Castros

No termo municipal de Cualedro foron documentados ata hoxe un total de sete asentamentos fortificados datables na Idade do Ferro. Trátase dos castros dos Mallos, A Cidá de Montes, A Cidá de Carzoá, Montecelo, A Igrexiña dos Mouros, O Castro da Saceda e a Cidá de San Millao.


A Cidá da Saceda

41.930768,-7.627044



É un dos castros mellor conservados de Galicia e tamén un dos poucos declarados Ben de Interese Cultural da provincia de Ourense. O Castro da Saceda, situado a carón da aldea do mesmo nome (integrada na parroquia de Lucenza) érguese no medio dunha chaira, nun outeiro que permite un gran control visual sobre o contorno. Trátase dunha aldea fortificada que presenta leves influencias do mundo romano debidas aos contactos comerciais, pero non a unha influencia romanizadora directa. O castro emprázase nun outeiro sobresaliente a 800 metros de altitude sobre a chaira que o rodea, ao sur da Serra do Larouco, nas penechiras entre a serra e a depresión de Verín, na conca do río Támega. Ao longo da historia esta comarca foi unha zona

estratéxicamente situada nun lugar central do convento bracarense da Gallaecia romana, con capital en Braga, delimitado sobre unha área xeográfica que tiña xa anteriormente peculiaridades culturais propias, froito dunha tradición que viña xa da Idade do Bronce ou da primeira Idade do Ferro. Este xacemento ten gran valor monumental polas súas estruturas e reúne características similares aos da comarca, ademais de ser aquel que proporcione unha cronoloxía máis antiga das estudadas ata agora na zona. A súa ocupación abrangue desde o s. IV a.C. ata o I d.C., momento no que foi abandonado pola súa poboación, que se trasladaría ao castro veciño da Cidá de San Millao por razóns que aínda ignoramos.



En todos eles é habitual o achado de cerámica romana e muíños de man. Todos os castros coñecidos se atopan empraados en outeiros cuxa altura oscila entre os 700 e os 850 m. Ata o momento unicamente se levaron a cabo escavacións nos castros da Saceda (entre 1982 e 1988, a cargo de Rodríguez Colmenero e Covadonga Carreño) e San Millao (entre 1953 e 1955, por López Cuevillas e Taboada Chivite, e entre 1982-1983, por Rodríguez González e Fariña Busto). No xacemento de A Igrexiña dos Mouros realizáronse sondaxes que ofreceron resultados negativos. No momento actual non é

posible, xa que logo, establecer unha datación exacta dos períodos de ocupación dos restantes, o que dificulta a análise da distribución da poboación sobre o territorio do actual municipio de Cualedro. A totalidade dos xacementos están localizados nas 2/3 partes da metade sur do concello, o que coincide co territorio con maior aptitude para a agricultura e o pastoreo, ademais de ser tamén o mellor comunicado, por situarse entre as principais vías de paso naturais. A análise do viario histórico evidencia que as principais vías romanas cara o SE foron feitas, con

toda probabilidade, sobre rutas preexistentes, dada a proximidade do seu trazado aos achados da Idade do Ferro. Esta situación estratéxica fai supoñer a existencia de actividade mercantil de importación e/ou exportación de minerais (nomeadamente o estaño) e de relacións fluídas cos pobos das comarcas veciñas. Esta suposición está confirmada pola mención que se fai do pobo dos Bibalos, que habitaban esta zona durante o I Milenio a.C, tal e como corrobora o coñecido Pedrão dos Povos da ponte de Chaves, fito que sanciona un pacto de boa vecindade entre romanos e unha serie de pobos indíxenas.

A Cidá de San Millao


41.904719,-7.607475



próximos tan monumentais coma este, caso da Cidá da Saceda ou o Muro do Búbal (Espinho; Oímbra). No sector suroeste do xacemento sitúanse dous accesos en liña que se abren consecutivamente nun dos recintos secundarios e, despois, no principal. Na primeira das portas, a que comunica co río, o acceso faise por medio dunha rampla apegada á muralla. A defensa deste enclave realizábase, ademais, por medio dun foxo –hoxe moi alterado– que percorre boa parte do seu perímetro, nomeadamente nos flancos nos que carecía de defensas naturais.



O elemento defensivo máis singular do castro é o campo de pedras fincadas verticalmente (hoxe parcialmente caídas) que se localizan nos sectores nordeste e leste. Este sistema defensivo, documentado en moi poucos castros galegos, tiña por obxecto combater os ataques da "infantería" e da "cabalería" de forma eficaz.




A Phalera

Atopada no castro de forma casual por uns cazadores, é unha placa cuadrangular de bronce, con catro argolas circulares nos ángulos, unidas entre si mediante catro pares de arquiños en forma de ferradura, que servían para pasar as correas. Na parte central, o disco toma forma antropomórfica, decorado cun mascarón feminino de trazos esquemáticos, cun peiteado de grandes ondas lonxitudinais e toucado por un veo. A utilidade desta peza parece estar relacionada co complexo mundo das condecoracións militares e debe datarse durante o século IV d. C.




Evolución tecnolóxica


As primeiras cabanas eran de madeira e ramalleiras. Empregábase unha empalizada para a protección do castro



Máis adiante, a pedra pasa a ser o principal material construtivo, tendo dúas vantaxes fronte á madeira: mellor illamento e maior durabilidade



Algunhas cabanas contaban cun lousado de pedra que se elevaba sobre o nivel do chan para illar mellor a vivenda



Empregaban un tipo de corte da pedra poligonal no canto do clásico estilo romano opus quadratum



Achados sorprendentes

Neste xacemento atopáronse materiais cerámicos e unha importante colección de achados metálicos. A súa cronoloxía abrangue desde o século VI a.C ao I d.C, cunha lixeira reocupación no século V da nosa Era. No castro atopáronse útiles de ferro sorprendentes en número e cualidade que non teñen parangón en ningún outro castro galego: tenaces de metalúrxico, dúas falcatas e varios coitelos afalcatados, unha empuñadura de puñal de antenas, etc... Estas pezas evidencian a importancia do oficio de metalúrxico na Idade do Ferro, un oficio dunha enorme importancia que fabricaba útiles fundamentais para a comunidade, ferramentas que garantían a súa subsistencia a través da protección física e o traballo diario. A estas pezas hai que engadir, ademais, elementos pouco habituais nos castros como tres moedas de prata (dúas do s. I a.C. e outra do s. I d.C.), cerámica (á beira da porta de entrada do terceiro recinto apareceron materiais propios dun obradoiro alfareiro, algo moi infrecuente nos castros galaicos) e restos de varias fibelas de cinto decoradas e un torques de bronce como proba da elevada capacidade adquisitiva e o estatus dos seus habitantes.



Lagares rupestres

Os lagares rupestres son estruturas labradas polo ser humano, polo xeral, pouco coñecidas e moi simples, relacionadas coas formas máis arcaicas de elaboración de viño. De datación imprecisa ata o momento, os estudos desenvolvidos ata hoxe apuntan a unha orixe medieval, cando pequenos viticultores facían o viño entre as viñas, non nas adegas como acontece probablemente desde os séculos XVII e XVIII.



Lagar do Trugán

41.889656,-7.589562

A comarca da D.O. Monterrei posúe, ata o momento, o maior número de lagares rupestres de toda Galicia, a moita distancia de calquera outra comarca vitivinícola. Os lagares apareceron maioritariamente de forma unitaria –por exemplo o do Trugán–, mais existen algúns conxuntos espectaculares de dous e incluso tres exemplares, como no caso dos lagares de A Baira (tamén en San Millao). O do Trugán é o único lagar rupestre inacabado da comarca. Foi escavado sobre un grande afloramento granítico de forma irregular que emerxe do chan 1 m aproximadamente. O lagar sitúase nun contexto de varios batólitos, de aí que as distintas partes que o conforman busquen adaptarse á morfoloxía natural do afloramento. O calcatorium ou estanque principal aparece sen perforar, de forma que non existe ningún tipo de conduto que permita decantar o mosto no pío ou lacus, evidencia de que nunca foi rematado.



Lagares da Baira

41.888619,-7.593328

Lagar 1: 41.887896,-7.593499
Lagar 2: 41.887691,-7.592629
Lagar 3: 41.887183,-7.592504

Excepcional conxunto de tres lagares rupestres de prensado localizados nunha chan que precede a unha suave pendente que limita cunha chaira aluvial. Os lagares labráronse nunha serie de afloramentos graníticos que se sitúan a ras de chan, sen destacar na paisaxe, polo que podería haber máis exemplares dos que se documentaron ata hoxe.



Lagar de San Martiño

41.951709,-7.560833

Lagar rupestre escavado sobre un afloramento granítico natural que sobresaí do chan pouco máis de 1 m no punto máis desfavorable. O lagar, que pertence á tipoloxía de pisado, presenta un calcatorium ou estanque principal no que se perciben os negativos dunhas espaldeiras hoxe desaparecidas. O espazo de pisado conta cun conduto que permita decantar o mosto nun pío ou lacus de forma semicircular imperfecta.



Lagar da Pedrosa

41.922289,-7.645206

Lagar rupestre situado nunha finca privada que foi escavado sobre un afloramento granítico que sobresaí lixeiramente do chan e que só se pode visitar coa autorización do propietario. O lagar, aparentemente de pisado, permite visualizar un calcatorium ou estanque principal (dimensións son de 1,30 m x 1,30 x 0,12 m de fondura) que carece de calquera tipo de perforación no seu bordo de forma que, aparentemente, non existe ningún tipo de conduto que permita decantar o mosto nun virtual pío ou lacus.

